

Babel

Hai gran desorde baixo os ceos, a situación é excelente
Bioterrorismo Crise económica e novo periodo constituínte
O dereito da muller a decidir De Europa del Este al este de Europa
Liberdades contrastadas A Valdeorras administrativa na transición do Antigo Réxime
Outra vez Trevinca Un dos nosos: Tiberio Ávila Rodríguez

Boletín do Ateneo Republicano de Valdeorras. Abril 2014. Nº 8



EDITORIAL

“Hai gran desorden baixo os ceos, a situación é excelente”

Costumes seculares largamente defendidas parapetábanse na total impudencia social. Mais os derradeiros sucesos arredor dos Borbóns, *annus horribilis* tras *annus horribilis*, propiciaron un cambio de visión nos asuntos ligados á lexitimidade dunha Constitución posfranquista e da xefatura do Estado. A defensa mediática e xudicial perdeu vixencia. A vontade de ruptura ante unha crises global, que pon o estado de benestar patas arriba, penetrou na axenda das aspiracións sociais. A monarquía está definitivamente acantonada e a súa utilidade só obedece á confluencia dos intereses das oligarquías económicas e relixiosas. Porque non se aguanta máis unha estrutura institucional onde ao saqueo dos fondos públicos chámano: presunción de inocencia, e ao mantemento no tempo da corrupción: Estado de Dereito.

Para incrementar as contradicións dende unha nación da península pónse en cuestión a unidade do Estado e este nega a posibilidade de que eses cidadáns expresen a súa opinión nas urnas. Unha atmosfera de pánico e represión ábrese paso (enésima modificación do Código Penal, urxencia das novas leis de seguridade privada e de seguridade cidadá) para frear a acción das masas. Porque para a casta dirixente do país só se pode votar cando dispoñen das garantías de que non se pode poñer en perigo a estabilidade do sistema do que se lucran. Esquecen que a democracia sempre se impuxo como consecuencia das presións das capas baixas da sociedade. Conflito entre o “Poder”, en esencia a cámara acoirazada do Banco de España, e as aspiracións dun pobo a decidir.

As nosas esperanzas radican nunha mobilización popular que rompa cas ensoñacións platónicas da Transición. Especialmente nas accións que xeren as novas xeracións a salvo de calquera hipoteca política. A saída dependerá de como lle fagan fronte ao seu “non-futuro”. Cada novo día pódese transformar nun anaco máis cara un horizonte onde os privilexios da “bragueta” e a explotación dos desherdados sexan cousa dun esquecible pasado.

Non hai escapatoria. Ou a loita ou a explotación.

Bioterrorismo

Xosé Luis Arias

"La búsqueda de la verdad resulta inseparable de la pugna por la justicia y por la igualdad. Son estos los ideales que quisiera estimular desde el Ateneo" **Carlos París**

ARMA FECAL

Non hai que ser supersticiosos mais cando empezas a ler: Güemes, Lasquetty, *Wertedoiro*, todo apunta a descomposición. A xuventude non emigra porque non atope traballo, marcha porque cheira realmente mal, moi mal; ríos, montañas, institucións públicas, todo está contaminado por esa arma fecal chamada "*marca España*".

Isto converteuse nun vertedoiro onde cabe de todo: caixas de puros forradas con billetes de cincocentos euros, *ERES* a discreción, aeroportos sen avións, autopistas sen coches, *banksters*, unha infanta da "*sección feminina*", xuíces inhabilitados por defecto de forma, etc.

O cineasta que mellor retratou á España actual foi Luis G. Berlanga, de quen dicía o Caudillo: "*No es comunista, es simplemente un mal español*". Os seus filmes amosan unha realidade social da que parece que aínda non saímos. "*A escopeta nacional*" describe con mestría o regateo, as clases sociais fortemente distanciadas, desigualdade, fariseísmo, "*amiguitos del alma*", queridas e clubs de alterne en harmonía coa misa absolutoria.

Cambien o ambiente costumista pola explanada de San Lorenzo de El Escorial (Bárceñas, *Bigotes*, Blesa, Camps, Ignacio González, *Doña Finiquito*, Ana Mato, etc) presunción de opulencia, moita caspa, mala educación.

O *Marqués de Leguineche* (Luis Escobar) representaba a unha clase que vive das aparencias, dos seus enganos. Coleccionaba pelos dos xenitais das súas conquistas femininas que gardaba en frasquiños de cristal; estes "*señoritos*" sáennos bastante máis caros, coleccionan bolsos de *Louis Vuitton*, participan en cacerías para retratarse con grandes

mamíferos mortos, van esquiar en helicóptero e tapizan os sofás dos seus iates con peles de pene de balea.

A situación non é azarosa, é o resultado do que nos venderon como unha Transición modélica avallada por un monarca posto por un ditador e custodiada polo exército, e unha Constitución que comezou a incumprirse desde o primeiro minuto, dirixida por grupos de presión das elites económicas que deixaron consolidado un sistema electoral que garantira o bipartidismo (Sobre a manipulación política do sistema electoral, ver o excelente artigo de Juan Luis Gallego "*La ley electoral que ellos querían*", en *Público*, 19 febreiro 2014).

A este panorama chámalle crise (algo inherente ao propio sistema) eu prefiro peste. Respirar durante moito tempo o cheirume deste ambiente ten consecuencias psicosociais importantes: limitación da comunicación oral, maior distanciamento interpersoal, tempo de exhalación cada vez máis curto e finalmente a parálise definitiva.

Antes de que chegue ese fatídico momento, como os bos soldados que non temen á morte deberíamos loitar, porque realmente estamos en guerra. Giorgio Agamben a quen seguirei a partir de aquí, di nunha entrevista: "*en termos técnicos, como definición xurídica as guerras de hoxe só poden entenderse como guerras civís, que son aquelas onde non é posible distinguir aos militares dos civís. Aínda que sexa un paradoxo, o paradigma das guerras nunha sociedade global é a guerra civil...*" (José Andrés Rojo, Madrid, 3 Feb 2004).

Para que quede constancia adxunto parte de verificación: en Galiza: - O número medio de parados no 2013 chegou ás 282.600 persoas o que repre-

babel 8

senta multiplicar por tres a cifra de 2007 (98.700) e un incremento de 14,43 puntos na taxa de paro ata o 22,07 % (datos do INE, media anual dos catro trimestres do ano pasado da EPA). - Terceira emigración galega: marchan os máis novos e mellor formados, son máis de 315.000 persoas entre 2003 e 2010 e deles un 47% son menores de 30 anos (Estudo da *Revista Galega de Economía*). - En 2013 perdéronse 115 postos de traballo diarios e cada vez aumenta máis o número de parados que xa non recibe ningún tipo de axuda, 92.800 fogares galegos teñen a todos os seus membros en paro. - Superamos en novembro o obxectivo de déficit para todo o ano.

En España:- En dous anos 12.741.434 persoas viron como a súa calidade de vida situábase en risco de pobreza e exclusión social (Presidente da EAPN). - A taxa de paro acada o 26,03%. - O informe da *Ong Intermom Oxfam* di que as 20 persoas máis ricas posúen unha fortuna similar ao 20% da poboación máis pobre. - Case tres millóns de cativos viven en risco de pobreza (*Ong, Save the children*).

"Ese año, el endeudamiento de las Administraciones Públicas suponía el 36,2% del PIB mientras que la deuda del sector privado (familias, bancos y empresas) ascendía ya al entorno del 200 del PIB. A 31 de diciembre de 2013, la deuda pública ha cerrado en el 94,03%. Esto es: se ha multiplicado por casi tres desde 2007". (Ernesto Ekaizer, *El País* 20 feb 2014).

VIOLENCIA

A medida que imos madurando intelectualmente aprendemos a desconfiar do uso que se fai da linguaxe, non só pola súa condición creadora de universos simbólicos capaces de deformar a realidade, senón tamén pola súa capacidade de agochar nas palabras os intereses da clase dominante.

Os mitos en Grecia eran explicacións fantásticas baseadas na vontade dos deuses que tiñan entre

outros fins manter a cohesión na sociedade. As explicacións eran de carácter analóxico e imaxinativo. Hoxe segue a destacarse outra das súas funcións, transmitir ideoloxía.

Desvelar o que se oculta debaixo das palabras: Cultura, Natureza, Liberdade, etc e de maneira destacable Democracia (cada vez máis devalada. Mito escurantista que vertebra a situación política actual e que nada ten que ver coa súa orixe en Grecia con todas as súas imperfeccións) é unha das tarefas máis importantes a desenvolver nun momento histórico que presume dun modelo racional baseado na filosofía e a ciencia, mais segue sendo claramente dependente da relixión.

Como escribira Levis Carrol nun diálogo entre *Alicia e Humpty Dumpty*, a cuestión non é como di a primeira si se pode facer que as palabras signifiquen tantas cousas diferentes, a cuestión

lle replica Humpty é saber quen é o que manda, iso é todo.

Violencia simbólica manifesta no uso continuado do eufemismo: "externalizar", "efecto colateral", "...los salarios no están bajando en España, los salarios están creciendo moderadamente en nuestro país..." (Montoro).

Flexibilidade laboral, devaluación interna, prima de risco, evolución do gasto nos intereses da deuda, etc, forman parte da vasoira intelectual coa que a ciencia económica incorpora unha nova linguaxe que lle permita acreditar aquilo que se escapa ao seu campo categorial: dor, miseria, sufrimento.

O economista canadense Michel Chossudovsky recordaba así o que ocorreu despois do golpe militar de Pinochet en Chile: "apenas unas pocas semanas después del golpe militar el general Augusto Pinochet ordenó un alza del precio del pan de 11 a 40 escudos, un abrumador aumento del 264% de la noche a la mañana. Este "tratamiento de choque económico" había sido planeado por un grupo de economistas llamado los



babel 8

"Chicago Boys". A la vez que los precios se disparaban, los salarios fueron congelados para asegurar "la estabilidad económica y detener las presiones inflacionarias". "De la noche a la mañana el país entero se vio arrojado a la extrema pobreza; en menos de un año el precio del pan había aumentado treinta y seis veces; el 85% de la población chilena había sido empujada a cruzar la línea de la pobreza". (Blog de César Renduelles)

O poder que exerce a economía carece do impacto televisivo das imaxes dunha bomba destruíndo un edificio en Bagdad, mais non por iso é menos efectivo, non precisa invasión, só admonicións: se saímos do euro, se non pagamos a débeda, España afúndese. Se hai algo que non se lle pode reprochar ao capitalismo financeiro é o ter cumprido cos seus obxectivos: incrementar a pobreza e a desigualdade.

POLÍTICA DE CAMPANARIO

Da progresiva secularización da fe protestante xa demos conta en artigos anteriores, Weber e sobre todo W. Benjamin foi quen considerou ao Capitalismo como un fenómeno relixioso que se desenvolve a partires do Cristianismo. Deus transformado en diñeiro e os bancos como as novas igrexas encargadas de repartir unha fe despregada en crédito hipotecario. Aquí non hai expiación da culpa, senón celebración permanente do libre mercado (que xa non é tan libre como comprobamos cos rescates bancarios, poxas eléctricas, etc) que iguala aos homes coas mercadorías: vales tanto o que producen como o que consumen. Este é un dos grandes triunfos da ideoloxía neoliberal que se pretende implantar na nova lei educativa; o alumno debe ser emprendedor para poder ser competitivo, aínda que non saiba interpretar o que le ou desconña a historia do pensamento occidental.



Para Carl Schmitt politólogo e xurista nazi o proceso de secularización non acaba coa esfera teolóxica na configuración da teoría política, xa que para el os conceptos da teoría do Estado moderno son conceptos teolóxicos secularizados; na súa obra "Teoloxía Política" di que o deus omnipotente converteuse no lexislador todopoderoso e que o "estado de excepción" ten na xurisprudencia un significado análogo ao dos milagres na Teoloxía.

Sacrificio, salvación, caridade, esperanza, culpa, son palabras que acompañan ao discurso do FMI e BCE; o primeiro é salvar ao euro: "Una vez salva da la prima de riesgo tenemos que salvar a las personas" comentario criminal dese portento intelectual chamado González Pons. Sacrificanse vidas humanas, antigamente para honrar aos deuses, hoxe en nome do mercado.

Nunha entrevista con Gonzalo Altozano Alba o ministro de interior que ben podería pasar por "monseñor" Jorge Fernández Díaz responde o seguinte: "... La convicción plena de que mi vida sólo tenía sentido a la luz de Dios. A partir de ese momento, Él empezó a tener más presencia en mi vida. Es en este sentido en el que hablo de conversión... Digamos que mi plan de vida está muy próximo a la espiritualidad del Opus Dei: ir a misa todos los días, rezar el Rosario, hacer un rato de oración, otro de lectura espiritual...", "... Aunque parezca que le hayamos cerrado la puerta, aunque a veces no lo queramos ver o escuchar, tengo la íntima convicción de que Dios está muy presente en el Congreso. Las Cortes son el órgano legislativo del Estado y Dios, el gran legislador del universo...".

Estamos ante a reencarnación de Juan Donoso Cortés, (moi eloxiado polos pensadores políticos alemáns precursores do nazismo) o estado asumindo unha función análoga á de deus como fonte da lei: o lexislador omnipotente por enriba do Estado.

O recurso á providencia divina estaba presente xa en Adam Smith e os fundadores do liberalismo. J.Verstringe: "pasamos do "Estado providencia" ao "Estado penitencia"" ("Viva la desobediencia", Barcelona, Península 2011, p. 20).

Se paseas coa ministra Báñez por Sevilla buscando traballo, pode que se che apareza a virxe do Rocío; se te chamas Mariano, les o *Marva* e non entendes a túa letra, mais chegaches a presidente

babel 8

do goberno, entón o que aparece é o mesmísimo deus, porque deus como xa sabemos é de dereitas (oligarquía conservadora) de toda a vida.

Cando alguén non para de repetir que hai que facer as cousas como deus manda é porque sabe que el é o elixido, o obediente. Só ten que esperar a que lle sobre na orella o que ten que facer, de aí o de “*relaxing cup*”, “*duermo bien*”; aínda que como *Bartleby* o famoso escribinte de H. Melville, “*preferiría non ter que facelo*”. Ser un mandado libera de responsabilidades. A culpa é e seguirá sendo ata que as cousas melloren de Zapatero.

Realmente a quen escoita e imita segundo Ulrich Beck é a “*Merkiavelo*” modelo baseado na tendencia ao aínda non, á inacción, ao máis adiante. No modelo *merkiavelo*, o novo poder alemán non está baseado na violencia, non necesita utilizar armas para que os demais países se sometan a súa vontade. Lóxica da quebra económica fronte a lóxica da guerra. Para estender en toda Europa a política de aforro alemán poden infrinxirse as normas democráticas. Concedemos créditos se fas as reformas que che mandamos... (“*Unha Europa alemana*” Barcelona, *Paidós*, 2011, p.67 e ss.).

BIOTERRORISMO

Dise do emprego criminal de microorganismos patóxenos, toxinas ou sustancias nocivas contra a poboación co propósito de xerar enfermidade, morte, pánico e terror. Aquí fálase de mutacións que teñen nome e apelidos.

Con M. Foucault comézase unha análise da política en termos de biopolítica. O poder que se exerce desde o Estado a partires de mecanismos xurídicos pasa a un segundo plano para centrarse nas técnicas de dominación e no que chama “*dispositivos*”, redes onde se constrúe unha microfísica do poder que se vai estendendo polos diferentes organismos e institucións (familia, escola, cárcere, hospital, etc) do conxunto social, creando mecanismos de control que normalizan e regulan directamente a vida das persoas.

Giorgio Agamben afirma na entrevista citada anteriormente que a biopolítica converteuse en política totalitaria o que facilitaría a relación de contigüidade entre democracia e totalitarismo (K. Löwith) das esferas incluso máis neutrais.

Os nazis non fixeron outra cousa que servirse dunha figura xurídica o “*estado de excepción*” que

é precisamente o que se está a converter hoxe en norma, e pon como exemplo: *Guantánamo*, inmigrantes sen papeis, etc, “*e poucos saben que as normas introducidas en materia de seguridade despois do 11 de setembro son peores que aquelas que estaban vixentes durante o fascismo*”.

Apliquemos isto ao que sucede actualmente en España: desde 2012 aprobáronse ao redor duns cincuenta decretos-lei sen discusión parlamentar. Os sindicatos dos periodistas rexeitan que Moncloa controle as súas preguntas (Carmen Martínez de Castro secretaria de Estado de Comunicación advirte que o goberno decidirá que periodistas e de que medios poden preguntar ao presidente, evitando así aos que poidan ser críticos coa súa xestión). Nin en pleno franquismo Fraga atreveuse a tanto.

Reforma precipitada do artigo 135 da Constitución (famosa carta que puña firme a *ZP*) consistente na obrigatoriedade de cumprir coas obrigas do déficit público establecidas no marco da Unión Europea, o que equipara ás políticas económicas de PSOE e PP.

Reforma da lei do aborto que incide directamente sobre o corpo das mulleres. Anteproxecto de reforma da lei de Seguridade Cidadán (manifestarse vai saír moi caro, o principal argumento do Ministerio do Interior é pór en marcha un rexistro



de infraccións, un ficheiro policial de infractores. Sancións administrativas que evitan un control xudicial previo (en Madrid multiplicáronse por nove as multas a manifestantes). Construción dunha “*maioría silenciosa*” endurecendo o Código Penal.

Outras accións adscritas á excepcionalidade son: a Amnistía fiscal camuflada como regularización e os ata o 25 de novembro 468 indultos a delincuentes de todo tipo sen dar explicacións, nin argumen-

babel 8

dos reinos das Españas foi un adiantado. O 8 de abril de 1546, en sesión do Concilio de Trento, a Igrexa Católica adoptou universalmente a versión latina de san Xerome, coñecida como a *Vulgata*, como a tradución oficial da Biblia (os idiomas orixinais eran o hebreo, o arameo e o grego): ficaba prohibido calquera outro idioma (aínda que xa houbera prohibicións parciais). Con todo apareceran versións medievais a diversas linguas romances peninsulares.

Don Duarte, rei de Portugal entre 1433–1438, tiña unha biblioteca de tan só 85 libros, na que constaba unha Biblia en latín, pero tamén outra en lingua vulgar, ademais dos Evanxeos, as Actas dos apóstolos e o Xénese en traducións aparte. É posible que o seu exemplar en romance fose a chamada *Biblia galego-portuguesa* ou *Hestorias do abreviado Testamento Vello*, redactada entre os séculos XIII e XIV.

A cabalo dos anos 1422 e 1433 redactouse unha en castelán, a chamada *Biblia de Alba* e outra entre 1416 e 1458 a instancia do rei Afonso V de Aragón. Estas biblias tiñan escasa difusión e non supuñan problemas para as autoridades, civís e relixiosas. Pero cando os libros puideron ser impresos, tirar centos ou miles de copias e, polo tanto, face-los accesibles ao gran público por abar-

ratarse o seu prezo, as cousas cambiaron. Así entre 1477 e 1478 foi impresa en catalán a denominada *Biblia Valenciana*, por elaborarse na cidade do Turia. Era a terceira impresa en lingua vulgar, logo dunha alemá e doutra italiana. De contado, a partir de 1482, interviu a Santa Inquisición que só admitía a *Vulgata* latina. O corrector da primeira versión a imprimir, Daniel Vives, foi encarcerado, ordenándose en 1498 a queima de tódolos exemplares (intelixencia emotiva). O éxito desta “falla” foi tan grande que só se conservou un exemplar gardado en Estocolmo, ata que un incendio acabou con el en 1697. Hoxe só hai unha folla da mesma a salvo.

A partir de aí a tradución ás linguas peninsulares

foi imposible dentro do territorio español e do seu imperio. Para arriscarse había que face-lo fóra e ás veces con perigo. Francisco de Enzinas autor dunha tradución do Novo Testamento en 1543, en Amberes (Flandres, actual Bélxica), foi encarcerado en Bruxelas e puido fuxir case dous anos despois. Nunca puido volver para España, pero a súa familia e os seus amigos foron ameazados para que se entregase; algún deles perdeu a vida (liberdade emotiva).

O estremeño Casiodoro de la Reina foi o autor da primeira tradución da Biblia desde os idiomas orixinais: hebreo, arameo e grego. Como converso protestante tivo que deixar España, so pena de morte, aínda que a falta da súa persoa foi queimada a súa efixie nun auto de fe en Sevilla no ano 1562 (liberdade emotiva). A súa tradución foi impresa en Basilea (Suíza) en 1569 cunha tirada de 2600 exemplares. Coñécese como a *Biblia do Oso*, por figurar este animal na portada. É a base da Biblia que usan en castelán oficialmente, aínda hoxe, numerosas igrexas reformadas (vulgo protestantes), incluídos os Gideons Internacional (os famosos *Gedeones*), esa asociación pro-bíblica que soe deixar algún exemplar nas mesiñas de noite de moitos hoteis.

Así que desde fins do século XV os españois non puideron acceder á Biblia. Nominalmente católica, a inmensa maioría viuse privada de consultar directamen-

te á palabra do seu Deus, ou polo menos dos seus emisarios, durante varios séculos. É certo que ás veces conseguía alguén algunha Biblia traducida. En tal caso chegaba ás súas mans a través do contrabando. Era arriscado para os intermediarios e para o comprador, pero sempre houbo xente disposta a pórllle rostro ao perigo. Mais a maioría non podía chegar a elas, p.ex., a través de lectura en grupo, porque simplemente o que tivera unha había de gardarse de aireala: “*coa Inquisición, chitón!*”, reza o vello dito.

A tradución da Biblia a linguas vulgares foi autorizada por fin polo papa Benedicto XI en 1757, dous séculos despois de Trento. Pero en España as cousas foron con máis lentitude. O Santo Oficio



babel 8

español non o autorizou ata 1783 (decreto de 7 de xaneiro). Para animar á tradución, pois non debía haber ao parecer espontáneos ou porque estes eran temidos, o rei Carlos III encargoulle unha, desde algo antes, en 1780, a Felipe Scío, bispo de Segovia, que a faría con colaboradores. A edición, feita fundamentalmente a partir da latina *Vulgata*, apareceu bilingüe, en castelán e latín, era moi cara e só ao alcance de xente adiñeirada. Con todo a primeira edición esgotouse rapidamente. Apareceu unha segunda tirada con correccións, para axustar máis aínda ao texto da *Vulgata* a súa literalidade. Cómpre avisar que destas versións se valeu a Sociedade Bíblica que amparaba a George Borrow. Entre 1823 e 1825 apareceu unha nova



tradución, feita polo que sería anos máis tarde bispo de Astorga, Félix Torres Amat, xunto con José Miguel Petisco. Faise a partir da *Vulgata* de novo, pero ten un carácter máis perifrástico, é dicir, apártase da versión servilmente literal de Scío. Houbo outras versións castelás posteriores, pero foron realizadas en América.

Ata 1944 non habería unha versión desde as linguas orixinais (se descontamos as dos reformados do XVI) en castelán: foi a famosa de Eloíno Nácar e Alberto Colunga, varias veces reeditada: 375 anos despois *da do Oso!* Logo seguirían algunhas outras. Para outras linguas as cousas foron máis lentas aínda. Os cataláns comezaron un proxecto desde 1926, traducíndose algúns dos libros testamentarios nos anos seguintes, pero non estaría completa a obra ata 1970 (consecuencias dun longo período emotivo): a denominada *Biblia de*

Montserrat. Para o galego aínda foi máis lento: a primeira versión completa nun só volume, con traducións desde as linguas orixinais, realizouse en 1989 (*SEPT*), aínda que edicións por libros separados foran presentadas desde 1962, estas polo xeral desde a *Vulgata*.

Creo que o asunto se interpreta por si mesmo en boa medida. O pobo católico foi tratado como incapaz e menor de idade, e os españois máis aínda se cabe. Quizais se evitaron en España as guerras de relixión que asolaron media Europa, pero foi adiar o problema para o XIX e o XX. Culturalmente aínda se paga agora. Cando Kamen valora o papel da Inquisición española evita cargarlle a esa institución a culpa total do atraso cien-

tífico e cultural, aínda que pon de relevo exemplos da súa nefasta actuación. Como estranxeiro e tendo en conta que o seu libro apareceu en 1967 en castelán, nun período aínda delicado para tratar certas materias, non quixo ser tachado, posiblemente, de remexer na *Lenda Negra*, polo que se mostrou benevolente. Pero a ciencia necesita un ambiente de liberdade propicio. Quen deba examinar o mundo, desde o microcosmos ao

macrocosmos, non pode estar pendente do que opinen ao respecto certos tipos e certas institucións.

O libre exame bíblico facilitou a crítica relixiosa e abalada esta podíanse abalar o resto das verdades asentadas por simple tradición. Cando Descartes non se sinte seguro en Francia marcha para os Países Baixos, onde se respira doutro xeito. Kamen pode aducir que Galileo pensou en España como un posible lugar para refuxiarse, pero esquecería que varios anos antes o belga Andreas Vesalius, o fundador da anatomía moderna, vivía tremendo en España, ata ser condenado á fogueira, e só o feito de ser médico persoal de Filipe II lle evitou a morte, a cambio de visitar os Santos Lugares, para morrer nun naufraxio na viaxe de volta.

babel 8

b) o terrorismo de extrema dereita servirá para realizar o traballo sucio desde os sumidoiros do réxime anovado: isto podemos ilustralo coa saída a luz do caso Hellín, un asesino de extrema dereita colaborando na actualidade co Ministerio de Interior.

Non quero esquecer neste pequeno resume o papel da Igrexa Católica, que coma un choco soubo agachar os seus intereses pecunarios e inmobiliarios mediante as técnicas de borronar o seu pasado inmediato e camuflarse no seu mimetismo combinando un *look* nacionalista-euskaldún ou catalán, un obreirismo industrial ou un vaticanismo II para deixar vixente o seu concordato de 1957.

Novo período constituinte (2011-201-)

A historia repítese en caricatura: *That's all, folks!* Non, por desgraza a historia non se repite como parodia, senón como realidade develada, como venganza sen metáforas, sen ambaxes.

A partir d'agora vou tratar de darlle unha lectura á Constitución 1977 máis desde o punto de vista da Real Academia Española (RAE) que do dereito e baseado no apartado 3 do art. 17: "*Toda persona (...) debe ser informada de forma inmediata, y de modo que le sea comprensible, de sus derechos ...*"

Nomearei o número dos artigos que se están a tocar. Parto do feito que os cambios constitucionais débens e facer nun período constituinte aberto como tal, e non nun período legislativo ordinario; se as leis do xogo se rompen nunha democracia significa xogo revoltó, que non hai xogo.

Na actualidade xa non existe o medo á guerra civil cruenta -OTAN e UE serven de escudo-colchón nun mundo sin telón de aceiro nin muro de Berlín. Pero a guerra prosigue polo control das telecomunicacións: ciberguerra radiante.

A Crise Bancaria actual quitou a máscara á guerra de clases, co cal tantos empresarios coma os seus representantes políticos (PP, PNV, CIU, etc.) non teñen que amosarse finxidores e compracentes cos traballadores, abandoan os populismos e festiñas en aras a disciplinada obediencia debida á *Troika* (nome curiosamente traído da *Guerra Fria* para

designar a Trindade do Capitalismo Mundial: *FMI*, *BCE* e *CE*, tres entes distintos e un só Capital verdadeiro).

Porén cando non aran por seu rego, como no caso da derogación da *Doctrina Parot*, de por si inconstitucional art. 9, regañan os dentes e escapúlanse de dar explicacións. Pero se nos recordamos en todo o proceso de 35 anos da *MIT* (Maldita e Interminable Transición) do papel oportunista que desempeñou o *cleavage* Estado-*MLV* (Movimento Vasco de Liberación), Aznar *dixit*, agora disolta ETA, non se sabe que facer cos restos da banda, pero moito menos coas *AVT*, Asociacións de Víctimas de Terrorismos-usadas como arietes desgastadores dos gobernos socialistas, o seu papel como motivante da perda de liberdades cívicas durante estes últimos anos. Que pasa agora que xa non existe o terror que xenerou as leis antiterroristas e de partidos políticos *ad hoc*? A dereita saca o antifaz e amosa a súa verdadeira face omnirrepresiva coa *Ley Mordaza*, do ministro do *OPUS* Jorge Fdez Díaz, xurden sen móbil aparente as multas cuantiosas e prohibicións que conculcan o art. 20 e art. 21. Toda protesta, *escrache* ou piquete pasa a ser *kale borroka*.

Bye, bye Freedom! A euskaldinización da vida española, olé o chacolí!

Mentras o Sr Gallardón, **requeté de pro-vida**,

cambia os atributos da Xustiza (balanza, espada e venda aos ollos por unha báscula de carnicería coa calculadora incorporada, e venda por un parche e o prismático de tubo para visionar por un ou outro extremo segundo conveña). Aliado co *OPUS-*

UPNavarro, o *OPUS* do PP derogou a lei do aborto, confundindo legislar con cercenar dereitos. Lei con decálogo. Ética con deontoloxía. E pon barreiras arquitectónicas aos minusválidos económicos para acceder aos xulgados. E o seu fiscal xeral -antigo componente do *TOP* (Tribunal de Orde Público), manipula na sombra a suposta obxectividade xudicial: *Caso NOOS*, *Caso Blesa*, *Caso Pujol Jr*, *Caso Bankia*, *Caso Ignacio Glez*, *Caso dos ERES*, etc. Con tantos casos poderíase reeditar con éxito asegurado *El Caso*, periódico de sucesos. Igualdade ante a lei (art 14), pero aínda hai clases!

Aonde foi a imparcialidade do poder xudicial



babel 8

nomeando militantes populares para o cargo art 159. Gallardón o alcalde máis endebedado de España pasa a ministro de Xustiza para provocar un novo desequilibrio na balanza correspondente.

A Xustiza é o piar básico do Estado de Dereito - aquí nace a razón deste artigo- a parte dos recortes e leises restrinxidas emanadas do seu ministerio, sofre acoso e derribo por parte da *Lei Mordaza* xurdida Fdez Díaz, Ministro de Interior como dixemos, membro activo do *Opus Dei* que supoñemos de misa diaria e cilicio en coxa, senón non habería explicación humana e cristiana das súas diversas declaracións sobre as concertinas dos valados de Melilla.

É curioso que o *Opus Dei*, maioritario nos postos de Goberno de Rajoy -el mesmo ex-alumno da Estila (como o noso *Feijooiño* e Romay)- esteña ausente nos medios de comunicación sendo a mao que mece a cuna.

Pero sigamos co refugallo de ETA: está demostrado hai tempo polo Tribunal Supremo as implicacións dos irmáns Mayor Oreja nas empresas de seguridade privada, mesmo os pingües beneficios que estas recibiron por poñer un gardacostas a cada cargo público, o ministro actual seguidor a ultranza do plus ultra Mayor Oreja, coa Lei de Seguridade Privada supera ao seu mentor.

Os piares do chamado Estado de Benestar serían o ensino, sanidade, INEM, pensións e axudas a dependencia. En só dous anos coa excusa de recortes, aforros e despilfarros estase a producir un cambio nas regras do xogo de consenso da MIT: un cambio e lectura restritiva da Constitución seguindo a lei do afonín, rómpese coa

norma de protección do máis feble: seis millóns de parados, endebedamento a piques do 100% do PIB como consecuencia das políticas erradas e a salvación dos Bancos e caixas, empresas automobilísticas, inmobiliarias, clubs de fútbol, Pescanovas, co diñeiro de todos segundo o principio de socializa-

ción de perdas e privatización de beneficios.

No Ensino coa *LOMCE* conculcase o art. 27 que si nun principio o Estado debe servirse da concertación con centros privados, por falta de centros públicos, despois de 35 anos, a lei constitucionalmente nunca pode primar con fondos do común á empresa privada. Respecto a Wert coma personaxe é o típico cínico con bigote fino recortado da cultura da MIT, da *Ballena Alegre* e do *Saló mussoliniano*.

En Sanidade estánse a saquear fondos públicos para manter hospitais privados concertados, que doutro xeito non serían tanto negocio, a un tempo que se nos trata de estafar coa chamada xestión privada dos hospitais públicos: a mesma caste de xerentes que arruinaron o sistema público van levar esa xestión privada, é como si o capitán do trasatlántico Concordia, fora presentado por outra compañía naviera como o mellor capitán do mundo mundial.

A nefasta división en 17 servizos de saúde de taifas, supuxo o desmantelamento do *INSALUD* e poñer fronteiras de atención sanitaria interautonómicas, no caso de que prospere a privatización da xestión provocara unha trashumancia de pacientes dunha empresa a outra dentro dunha mesma comunidade ou provincia, cos problemas legais e penais de desatención a un ferido, enfermo, etc. Concúlcase os art 14 e o art 43.

Mención a parte merece a introdución doctrinaria

do *Opus Dei*, vía Mato, a do *jaguar*, na lei de reprodución asistida, violencia de xénero, protección tácita da industria navarra de xenéricos, etc, Si, si pus, tamén.

En Economía estase a aplicar

a lei do *Far West*, perdón de Wall Street, aplicación asimétrica das axudas Bancos/Caixas/Sareb (botar un repaso aos e-correos de Blesa e De Guindos) vs desafuzamentos, afectados de preferentes, cláusulas abusivas de solo nas hipotécas. Concúlcase o art. 14, a verdade que non sei que pinta.



babel 8

forma parte del discurso ideológico de Orbán: repeler todo lo que pueda relacionarse con el pasado socialista del país y bailarle el agua al Jobbik, partido ultraderechista conocido por hostigar a las comunidades gitanas y judías y reivindicar la Hungría imperial anterior a la Primera Guerra Mundial.

Dicho esto, podríamos pensar que el *Movimiento por una Hungría Mejor* opera como un partido marginal seguido por una minoría con poco poder de movilización social, pero la realidad es que constituye la tercera fuerza parlamentaria del país tras unos denostados "socialdemócratas" que no levantan cabeza después de haber falseado datos económicos cuando gobernaban en los albores de la actual crisis global.

Desde el punto de vista económico, la tierra de los magiares sorprendió a Europa hace unos meses devolviendo hasta el último céntimo que debía. Para que esto fuese posible, los húngaros tuvieron que vender a todas sus abuelas o *nagymamák* y cumplir con unas tasas impositivas duplicadas mientras la asistencia social era demolida.

Recientemente, Orbán Viktor dejó atónito a su país firmando un acuerdo energético con Rusia y acercándose al mercado asiático manteniendo varias reuniones con la cúpula del Partido "Comunista" Chino. Sin embargo, tan sólo unas semanas antes de estos sucesos, el susodicho criticaba a los *ruski* y al *kommunizmus* en el 58 aniversario de la Revolución de 1956 contra la URSS ante una multitud eufórica.

En los últimos días, contrato con Rusia rubricado, el *Première* húngaro volvió a mostrar su indignación con el gigante eslavo ante los sucesos de Ucrania. Pese a todo, este discurso dicotómico no parece que vaya a afectar al liderazgo del *FIDESZ* en las próximas elecciones parlamentarias de abril, asegurando los últimos sondeos una nueva victoria aplastante de la formación presidida por Orbán.

Volviendo al caso polaco, alumno aventajado de este selecto grupo de naciones al que la crisis económica no afectó en su momento con la misma virulencia que a otros países europeos, los datos dejan ver que las cosas no están saliendo como se esperaba.

El rotativo *Gazeta Wyborcza* anunciaba hace unas semanas que la tasa de desempleo había aumentado hasta casi el 14% en el último semestre, cifra que se eleva hasta el 16% en las zonas más rurales de la *Rzeczpospolita*. Desde el punto de vista macroeconómico, el país sigue creciendo moderadamente al 2,5%, y las previsiones a finales del pasado año esperaban que lo siguiese haciendo a un 3% para el último trimestre de 2014. Sin embargo, la repentina disminución de las exportaciones a Ucrania, una de las puntas de lanza

del mercado de exportación polaco, podría alterar sustancialmente las expectativas del gobierno de Tusk y Komorowski. Sobra decir que, como de costumbre en el contradictorio universo capitalista, este crecimiento macroeconómico no se ha visto reflejado en el bienestar social. El salario mínimo continúa criogenizado y una amplia franja de la población debe seguir haciendo malabares para llegar a fin de mes. No obstante, el tardío pero desorbitado afloramiento de centros comerciales en el país es un buen indicador para adivinar el *way of life* que han tomado los polacos tras casi medio siglo de deseo consumista. Se dice que los inmensos rascacielos levantados durante la última década en el centro de Varsovia reflejan el progresivo crecimiento de la República y el enterramiento definitivo de su pasado socialista, pero también la venta total de la misma a las empresas extranjeras que ahora campan a sus anchas por las llanuras polacas. Uno de los grandes inversores foráneos en el país es la Federación Rusa, con la que el ejecutivo polaco tendrá que realizar ahora auténticas maniobras diplomáticas ante la encrucijada ucraniana si no quiere ver peligrar su suministro energético.

Como vemos, la situación económica, política y social del Este europeo arranca a marchas forzadas y se encuentra inmersa en problemas particulares que chocan de frente con su pasado inmediato. El *Grupo Visegrád*, que constituiría un fuerte organismo supranacional según algunas opiniones si actuase con más coordinación, fue creado para favorecer la incorporación de sus miembros a la Unión Europea. Hoy en día, el deseo de una mayor integración, pese a seguir siendo uno de los objetivos principales del organismo, se ha debilitado por factores circunstanciales —la Unión Europea ha dejado de ser en gran medida la *Tierra Prometida*— y por una evidente concienciación geopolítica. Según los acuerdos monetarios firmados en 2004, los países del *V4* están obligados a adoptar el Euro en una segunda fase, pero esta es constantemente aplazada por el Ejecutivo de los respectivos países en cuestión.

Por otro lado, los acuerdos económicos de estas naciones con Rusia siguen vigentes e incluso son ampliados. Esto lleva a preguntarnos: ¿es realmente el Este europeo Europa? ¿Por qué debería serlo? La época de las *cortinas de hierro*, el paneslavismo y las banderas con espigas ya ha pasado, pero el deseo de integración en Occidente de la mitad olvidada del continente se ve limitado no sólo por las circunstancias actuales, sino también por los fantasmas del *CAME* y de aquel tratado de amistad, colaboración y asistencia mutua firmado hace ya 58 años que en cierto modo continúa existiendo.



Liberdades contrastadas

Francisco Cobo Rodríguez

Unha das palabras máis utilizadas nos últimos tempos polos diversos voceiros católicos, eclesiásticos ou non, é liberdade. Segundo eles neste país carecen da liberdade suficiente para dar a coñecer ás súas ideas, sobretudo, claro, se gobernan as esquerdas..., pero, incluso se os asuntos públicos están dirixidos polos seus correlixionarios, tampouco encontran un ambiente suficientemente cómodo.... Non lles chegan os miles de templos que teñen diseminados polo país, nos que expoñen o seu ideario varias veces ao día; non lles chega tampouco ter varios medios de difusión de masas á súa disposición... E tampouco lles abonda dispor de millares de aulas nas que con diñeiro público se sostén a impartición de clases sobre a relixión católica... Unha paradoxa..., mais a fin coidan non ter liberdade suficiente.

Este asunto da falta de liberdade na que se afoğan a cotío é algo ben coñecido deles. Mentres puideron e veron que moitos carecían da tal liberdade eles avogaron sempre por solicitala para todos, como moitos lembrarán. Toda a sociedade española recorda de continuo o grande esforzo que os católicos de pro gastaron para axudar a que outras asociacións relixiosas puideran exercer o seu libre labor sen cortapisas... Non falaremos doutras asociacións como as políticas, ou as simplemente civís, porque está na memoria de todos e recollido en documentos de toda clase.

Con todo ese gran labor a prol da liberdade tivo algunhas chatas menores. Entre 1835 e 1840 viaxou por España un británico chamado George Borrow, que viña a vender biblias traducidas ao castelán. Ben que mal apañoouse para que llas mercasen, pero non sen contratemplos. Ata o famoso *xudeu* Mendizábal tentou prohibir que exercese tan digno comercio, e por competencia de quen fose, ás veces os exemplares bíblicos eran retidos nas aduanas... Home!, é que este viña predicar herexías e xa se sabe...! Pero non, o señor Borrow non viña a predicar, só quería difundir biblias entre

os españois da época, porque era un libro descoñecido practicamente polo público hispano.

Vaia!, a palabra de Deus era descoñecida... Pois si, segundo a doutrina católica oficial, a Biblia é un libro de inspiración divina: "*Todas as Escrituras están inspiradas por Deus, son útiles para ensinar, para convencer, para corrixir, para instruír na xustiza, a fin de que o home de Deus se perfeccione e axeite a toda boa obra*" (Epístolas, II Timoteo 3, 16-17). Pero esa inspiración divina debía ser un perigo porque non chegaba ás mans do "rabaño"... Pois non señor, non chegaba. Certo que algúns afirman que daba igual porque os máis eran analfabetos. Xa coñecían a palabra de Deus polo que lles contaban os curas e, como dixo un afamado teólogo, polas pinturas e outras obras artísticas. Tivo así o pobo español un coñecemento emotivo da súa propia relixión e vedóuselle o coñecemento intelectual e poder aprofundar pola súa conta. En realidade, a clerecía era unha adiantada das diversas clases de intelixencia que en tempos recentes se barallan, e para eles a intelixencia emocional era superior á intelectual e pode que ás outras.

Que predominou a emoción é aínda hoxe ben palpable: salientan aínda na relixiosidade as procesións e os cantos de "saetas", os vivas á guapura da virxe (aínda que a estatua correspondente deixe que desexar), as cadeas e os cilicios dos penitentes, as condecoracións a imaxes a petición de cofrades e compracencia de políticos irracionais, as rogativas porque chove de máis ou porque non cae auga, o brazo de santa Tereixa e o cranio de san Francisco Blanco, as ofrendas gubernativas a Santiago (está por aclarar se ao Maior ou ao Menor) e ao Santísimo Sacramento, a petición de protección a certa virxe andaluza, as romarías máis exóticas, etc... O xexún, por contra, parece que ten menos adeptos actualmente...

Pero volvendo ao tema do secuestro da palabra divina, o antigo goberno monárquico-teocrático

babel 8

tar razóns (a lei que o regula é nada menos que de 1870 e non lles obriga a facelo).

A mentira e a propaganda convertéronse tamén en algo normalizado no discurso do goberno mariano e nos medios que controla a través da publicidade institucional subvencionada.

Utilizar as regras de xogo para asegurar a permanencia no poder tampouco parece ser moi democrático: o señor Feijóo sen consenso, pretende facernos crer que a proposta de reducir de 75 a 61 o número de deputados está relacionada co aforro dun millón de euros nun presuposto de 8.391; cando do que se trata é de asegurar a súa vitoria nas próximas eleccións.

No 1991 o seu xefe subiu do 3% ao 5% a barreira electoral provincial para limitar a entrada de partidos minoritarios no parlamento. *"Si los tres partidos de Izquierda en las provincias de Lugo y Ourense no ajustan en 2016 sus resultados para que los tres (PSdG, BNG y AGE) obtengan representación, el bloque de derechas obtendrá 7-5 y 7-4 respectivamente, haciendo que con un resultado igualado en A Coruña (46% del PP frente a 53% de la oposición y 10-10) sea imposible que Núñez Feijóo pudiera perder las elecciones"*. (Julio Embid, *El Diario* 15/1 /2014).

Con estes datos, non hai que cometer o erro bastante común sobre todo baseándose na obra de Anna Arendt de identificar *"totalitarismo"* exclusivamente con nazismo e estalinismo, xa que aínda que comparten feitos empíricos comúns son procesos de construción política moi diferentes (D. Losurdo) e por tanto dita categoría non se pode aplicar con carácter xeral. Segundo Slavoj Zizek desde unha perspectiva marxista esta é a trampa na que caeu a esquerda: a dicotomía entre totalitarismo e democracia liberal, aceptar as coordenadas do liberalismo como modelo político está a servir para paralizar o compromiso de denuncia dos abusos do capitalismo.

Algo similar está a suceder coa utilización que

fan os medios da palabra *"terrorismo"* lamentablemente utilizada como arma electoral. *"...por tanto si EEUU, está levando a cabo terrorismo contra Nicaragua e é condenada pola Corte Internacional, así deberían cubrilo..."* (Pascual Serrano, *Desinformación*, Barcelona, *Península*, 2009, p.64).

Así como hai un terrorismo bo que loita por impor a democracia *"petrolífera"* causando coas súas invasións miles de *"efectos colaterais"*;

tamén hai un terrorismo malo que é o da Yihad islámica, ETA, GRAPO, etc. Estes son asasinados e os outros salvadores da patria. Obedecen ao seu particular imaxinario simbólico co que pretenden xustificar o inxustificable: a eliminación do corpo



como obxectivo político principal.

O terrorista bo con verniz democrático non leva pistola nin explosivos, vai con traxe e gravata, cando pulsa o botón non saen misís, senón proxectos de destrución masiva a curto ou a máis longo prazo.

Recuperar o concepto de *"comunidade"* e rescatar o menos valorado dos lemas da Revolución Francesa: a *fraternidade* (promover o coidado mutuo, a igualdade) vai resultar clave agora que os cidadáns atopamos os nosos dereitos básicos desprotexidos.

Cando o Estado en lugar de garantir eses dereitos volveuse un atranco, a recuperación do espazo público nas rúas, o espírito de colaboración, o compromiso na defensa de intereses comúns, a desobediencia civil e porque non, a revolta, deberían terse moi presentes.

CODA

Na liña de Julio Anguita, ser republicano non só consiste en saír coa bandeira nas manifestacións ou en celebrar o 14 de abril; para cando unha xuntanza das diferentes asociacións onde se discutan os fundamentos que organicen un novo modelo de república?

Crise económica e novo período constituinte

Basilio Cobo

Estáanse a repetir os mesmos feitos do período constituinte parafranquista. Inmersos nunha crise económica e social a clase político-dominante trata de repetir á conveniencia os mesmos trucos e engados que lle permitiron perpetuar o seu status quo durante estes últimos 35 anos. Durante o parafranquismo constituinte (1973-1980) existiron uns trucos de inxeniería de masas para cambiar o *cleavage* dominante Franquismo/antifranquismo (*cleavage* é o conflito ou brecha social que escinde ou divide en dous polos opostos ás distintas clases sociais) introducindo outros *cleavages* que permitían distraer e enredar ao clamor popular: había unha posición antifranquista que opoñíase a unha ditadura ou a súa continuación, os feitos e negociacións da esquerda dominante, personificada daquela en Santiago Carrillo, permitiu pasar de ruptura a transición e iniciar a traca de Pandora do desencanto.

Cleavages Iniciais

FRANQUISMO	ANTI-FRANQUISMO
Sociedade caciquil	Sociedade xusta
Clasismo	Igualdade
Ditadura	Liberdade

Esencialmente os principios maioritarios que se opoñían a ditadura eran os principios republicanos, cun componente socio-económico importantísimo: salarios xustos, liberdade sindical, transparencia e loita contra a corrupción, control da banca, liberdade de manifestación e expresión, etc. Republicanismo de esquerdas.

Ante este enfrontamento claro fronte ás forzas oligárquicas ou aristocráticas que estaban a perpetuarse

no poder, xurde da cociña do rexime e os fogóns da CIA a necesidade de sementar medo e división: divide e vencerás.

O medo, despértase co temor á involución, a unha nova guerra civil cruenta, predícase o esquecemento, quen non se lembra da omnipresente: "*libertad, libertad sin ira*" de Jarcha. Medo, olvido: inxustiza adubiada por unha amnistía bidireccional de conveniencia. A división: reforzando outros *cleavages*, verbo, o desenvolvemento torpe, incompleto e interminable dun estado federal autonómico, que pasou do recoñecemento das nacionalidades históricas (*galeusca*) a unha división rexional nova, o "*café para todos*" de Suárez, na que se desvisten provincias e rexións para disfrazar o novo mapa político escolar coa saía das 17 autonomías. A España de Franco pasa a ser o reino de España, dividido en diputacións provinciais, autonómicas, forais e cabildos. Perpetúanse as facendas forais franquistas: a carlista de Navarra e a foral de Alava, desagravando no camiño a Gipúzcoa e a Viscaia a conformar o cupo vasco. Adeus a igualdade!

O sentimento autonómico nace para que o bloque nacional Franquista, a zona azul, pódase agrupar mellor ante a nova brecha social, fenda que vaise abrir e cerrar coma un abanico segundo conveña ao Goberno central, ao vasco ou ao catalán.

Franco mantiña a tese que o pobo español era inmaduro para a democracia, por iso impoñía e esixía a súa tutelaxe. Como se formara parte da súa herdanza xenética, os muñidores da nosa democracia non deixaron de aplicar esa tese. Franco deixa o botín ao franquismo político, e como legado o franquismo sociolóxico -máis intanxible e subconsciente- e unhas partixas:

a) ETA* e o seu terrorismo indiscriminado van servir para recortar as liberdades cívicas e aumentar o aparello policial do rexime e



A Valdeorras administrativa na transición do Antigo Réxime

Félix García Yáñez

Durante o tránsito do século XVIII ao XIX o vello Reino de Galicia arrastraba unha división administrativa, ideada por Floridablanca (1), de sete "provincias": Mondoñedo, Lugo, A Coruña, Betanzos, Santiago, Tui e Ourense. Os límites entre elas eran bastante imprecisos xa que sobre as terras exercíanse diversas xurisdicións. A capitalidade do Reino radicaba na Coruña que xunto con Betanzos eran cidades de realengo. As demais atopábanse baixo señoríos eclesiásticos.

Sobre as terras ourensáns de Valdeorras, na raia oriental do reino, ao largo dos séculos precedentes confrontáronse as históricas casas señoriais da alta nobreza: os Castro, os Sarmento, os Pimentel, e os Osorio. Amais de pequenas zonas dependentes de ordes monásticas. A grandes trazos, entrado o século XIX o condado de Ribadavia seguía a ter xurisdición sobre os actuais territorios de O Barco, Vilamartín, A Rúa, Petín. O Bolo e A Veiga eran herdanzas xurisdicionais dos condes de Benavente con moutas de realengo. Nos montes de Larouco exercía a Orde de Xerusalén. As terras de Carballeda estaban integradas na xurisdición do conde de Ribadavia, agás as aldeas de Casaio e Lardeira integrados na xurisdición da Cabreira do marquesado de Vilafranca no Reino de León; e a parroquia de Carballeda que estaba compartida cos monxes bernardos do mosteiro de san Martín de Castañeda. O territorio de Rubiá era xurisdición do conde de Ribadavia, agás os terreos da Merindade de Aguiar (aldeas de O Barrio, O Castelo, Oulego, Robledo e A Veiga de Cascallá) que pertencían ao marquesado de Vilafranca; a Merindade de Aguiar amais exercía potestade sobre as terras de san Vicente de Leira en Vilamartín; sobre as aldeas de Cobas e

Pardollán era o Hospital de Astorga quen tiña a xurisdición.

A raia do Reino de Galicia durante o Antigo Réxime, debido ás interferencias dos señoríos territoriais, non se atopaba ben delimitada o que daba pé a múltiples confusións e a continuos preitos ante as Audiencias da Coruña e de Valladolid. A abolición do réxime señorial polas Cortes de Cádiz no ano 1811 provocou a necesidade de artellar unha nova división territorial: provincial, xudicial e local, e a súa correspondente estrutura administrativa: deputacións, partidos xudiciais, e concellos. Porque o decreto antiseñorial, unha das primeiras medidas da revolución liberal, supoñía quitarlle á nobreza a administración de xustiza, o nomeamento de cargos: alcaldes, rexedores, e a perda das rendas e impostos locais que gravaban todas as actividades económicas do seu territorio, agás os foros (2). Neses tempos moitos dos mecanismos da extracción do excedente agrario xa estaban nas mans da pequena e mediana fidalguía rural. Por exemplo o dereito de

barcaxe sobre o paso en barca do Sil polo lugar do Porto da Barca. Os Quiroga de Viloiira tiñan o dereito de percibir unha parte da súa poxa anual.

Para simplificar a administración de Galicia os "doceañistas" unifican as sete vellas provincias na Provincia Única de Galicia, mantendo a capitalidade na Coruña, ata que Fernando VII

deroga a Constitución de Cádiz.

É durante o Trienio Liberal (1820-23) cando Galicia aparece por primeira vez artellada en catro provincias (3): A Coruña, Lugo, Pontevedra e Ourense. Máis o decreto do 27 de xaneiro de 1822 integraba parte do territorio de Ourense, a comarca histórica de Valdeorras, nunha nova demarcación: a provincia de Vilafranca do Bierzo,





do Reino de León. A nova provincia de Vilafranca tiña, sobre o papel, un antecedente recente. En 1810 o rei Xosé I, seguindo o modelo napoleónico, creara a "subprefectura do Sil", dependente da "Prefectura de Ourense". O decreto do Trienio establecía o territorio da provincia de Vilafranca que abarcaba *"casi toda la gobernación de Cabrera, los concejos del Sil de arriba y de abajo, Salientes, Salentinos, Valseco, Tejedo, mata de Otero y el Valle de Orres"*. E especificaba que a raia occidental trazábase *"por el oeste el antiguo límite de Galicia desde el monte del Cuadro hasta el origen del Bisuña; de aquí sigue por los montes que forman el Valle de Orres hasta el Puente de Cigarrosa, desde donde continua por los altos hasta buscar la Sierra del Exe y Peña Trevinca, siguiendo por el nacimiento del río Casoyo a unirse con las sierras de Cabrera"*.

Delimitación que dividía administrativamente Valdeorras en dúas. De unha pasaban a depender da Deputación de Vilafranca os concellos de: Sobradelo, Correxais, San Estevo (A Rúa), O Barco, Vilamartín, Rubiá, e a parte oriental de Freixido (daquela englobaba os actuais Petín e Larouco). Na provincia de Ourense mantiñáanse o concello de O Bolo, parte de Castromarigo e Espiño (a Veiga actual), e a parte occidental do de Freixido (Larouco). A provincia do Bierzo, como tamén se lle chamará, quedada dividida en catro distritos xudiciais: o de Valdeorras radicado no Barco. Como capital noméase Vilafranca, despois dunha soterrada loita de influencias con Ponferrada, por ser a poboación máis importante e por contar con "amplios edificios" e conventos onde montar a administración provincial.

Mais a inclusión de Valdeorras na nova provincia non estivo exenta de todo tipo de protestas por parte dos veciños da comarca. O malestar producido plasmouse nunha extensa carta dos concellos de O Barco, Sobradelo, Correxais, A Rúa, Vilamartín, Castromarigo e Espiño, enviada á Comisión Parlamentaria das Cortes que previamente, durante o ano 1821, discutira a división territorial do Estado. Só os concellos de Freixido e do Bolo, que nun principio a firmaran, acabaron

retractándose.

Na carta expresaban que a montaxe da nova provincia obedecía á vaidade dos veciños de Vilafranca e Ponferrada tras decatarse da intención de dividir a de León en dúas: León e Astorga. E para convencer á maioría liberal das Cortes os concellos valdeorreses denunciaban que era o resultado das secretas intencións e intereses do cabido da colexiata de Vilafranca, porque o recente decreto que lles impoñía a redución á metade do cobro do décimo (4) querían compensar aspirando a converter a colexiata en Catedral e a abadía en bispado.

Os concellos explicaban amais que para os veciños de Valdeorras a inclusión na provincia do Bierzo só lle causaría grandes danos xa que *"no era lo mismo querer pertenecer a una provincia de solo 86 mil habitantes, entre los cuales se ha de pagar el medio millón que aproximadamente cuestan las autoridades y oficinas necesarias para este género de sección política del territorio,*

pudiendo permanecer en una de 262 mil a lo menos, en la que por lo mismo ayudan a la solvencia de aquella carga anual cerca de tres tantos y cuarto más de contribuyentes: es decir, que el que en la provincia del Bierzo pague por esta razón 100 reales, en la de Lugo o en la Orense, o en la misma del Bierzo reunida con León, solo pagará 27".

Tamén que nos orzamentos da Provincia Única de Galicia tiñase consignada una partida para a reparación da bóveda central da Ponte Nova (Sobradelo), desfeita dende a Guerra da Independencia (5). Que era de supor que ao pasar a comarca ao reino de León perderíase a obra o que causaría un grande prexuízo ao comercio dos valdeorreses. Máis adiante rexeitaban os novos lindes que estudaba a Comisión do Congreso e defendían a división provincial entre Ourense e o Bierzo pola raia históri-





ca que iniciábase nos montes do Cebreiro, continuando pola serra da Lastra e o río Sil, para morrer nos altos de Pena Trevinca. Finalmente pedían a permanecía da comarca no territorio ourensán.

Achegada á carta colectiva dos concellos ía outro escrito específico do Concello de O Barco que remarcaba os graves inconvenientes que lles suporía o cambio de Audiencia territorial ao xulgado comarcal: *"a Valladolid hay bien cerca de cincuenta leguas, que para ir a aquella ciudad hay que atravesar las altas montañas que separan a Astorga del Bierzo y que forman el puerto de peor tránsito que puede haber en invierno, que en esta estación es casi intransitable la llanura cercana a Ponferrada por los infinitos pantanos que hay que atravesar, como la misma sierra de Fucebadón que está seguida de ella. Mientras que la audiencia de Galicia a que actualmente pertenece este juzgado se halla no solo mucho más inmediata, sino que continuamente y en todas las estaciones se puede ir a la Coruña en muy pocos días"*. Por iso tamén pedía de seguir na provincia de Ourense.

As aspiracións, como vemos, dos veciños non se tiveron en conta e acabaron integrados na provincia do Bierzo. Nin tampouco o desexo dos deputados galegos que reclamaban manter os límites tradicionais dos reinos. Xosé Moscoso (6) interviu no Congreso para expor que *"un gallego, por más que se le diga que pertenece de ahora en adelante a la provincia del Vierzo, siempre será gallego, pues lo que principalmente distingue las provincias es el dialecto que se habla en cada una de ellas"*.

A comezos do ano 1822 montouse a Deputación en Vilafranca non sen disputas coa vila de Ponferrada. As dúas utilizaron todo tipo de influencias para conseguir a capitalidade. A

Corporación provincial estaba composta por sete deputados, dos que dous eran representantes do distrito de Valdeorras: Tomás Antonio Prada, veciño de Rubiá, e Manuel María Losada, natural de Portela. Mentres Tomás Prada, era crego, Manuel Losada era un fidalgo liberal que xa fora deputado na Deputación Unica de Galicia radicada na Coruña, e que na década seguinte representará a Ourense nas Cortes (1834-1836).

A vida da provincia foi moi curta, pouco máis dun ano. Tras a intervención dos Cen Mil Fillos de san Luis que devolveu ao absolutismo o trono de Fernando VII a estrutura territorial volveu á do Antigo Réxime e a provincia do Bierzo acabou sendo suprimida mediante un decreto do rei o 1 de outubro de 1823.

Tivo que morrer Fernando VII para que os liberais debuxaran o definitivo mapa territorial do Estado. O decreto do 30 de novembro de 1833 leva firma de Javier de Burgos (7), ministro de Fomento, e a novidade máis importante é a supresión da provincia do Bierzo por a súa reducida extensión. O equipo ministerial de Javier de Burgos aproveitou os traballos cartográficos do catedrático de matemáticas de Santiago, Domingo Fontán Rodríguez, para delimitar as lindes dos reinos de León e Galicia, e o territorio das catro provincias galegas. Con esas as tradicionais terras do Valdeorras volveron a ser territorio ourensán, mais esta vez incrementadas. Pediron incorporarse ao partido xudicial, as aldeas da Merindade de Aguiar (A Veiga de Cascallá, Robledo, O Porto, Barrio, Castelo, e San Vicente de Leira). Pouco despois tamén se uniron: Oulego, Pardollán, Cobas, Sobrado, Casaio e Lardeira. A capitalidade do partido pasou de O Barco a Vilamartín por ser o concello máis central. Amais Javier de Burgos co cambio tamén quixo recordar a figura do deputado "doceañista", Antonio Xosé Ruiz de Padrón. Nas Cortes de Cádiz fora unha figura destacada pola defensa que fixo da necesidade de suprimir o Tribunal da Inquisición.

Mais o mapa do partido xudicial, que obedece ao esquema elaborado por Domingo Fontán para Galicia, non se estabilizou ata 1842. Quedou arteñado en sete concellos: Carballeda, A Veiga,





Rubiá, Vilamartín, Petín, A Rúa, e O Barco que volveu a recuperar a capitalidade. Quedaron excluídos o concello de O Bolo, que se integrou no partido de Viana, e o de Larouco no de Trives. Pascual Madoz no seu *Diccionario Geográfico...* de 1846, asígnalle ao distrito una poboación de 20.730 habitantes.

Adenda: Na actualidade, e dende fai anos e sen apenas información pública, atopase en estudo unha nova reorganización das demarcacións xudiciais. Se fai anos a clase política falaba de acercar a xustiza ao cidadán hoxe prima a idea de reducir a súa partida dos orzamentos do Estado. Así recuperáranse as taxas xudiciais, limitouse o dereito a litigar, privatizase o rexistro civil, e colea a supresión de xulgados.

Neste derradeiro caso o documento base de discusión elaborouno o Consello Xeral do Poder Xudicial (CGPJ). Nel se expón que para a provincia de Ourense necesítase pasar dos nove partidos xudiciais con que conta actualmente a dous: un radicado na cidade de Ourense que agruparía a sete, e o outro no Barco de Valdeorras que integraría o de Valdeorras máis o da Poboia de Trives. Por outra parte entre os sectores máis conservadores da xudicatura galega, apoiados soto voce polo caciquismo político e social domiciliado na sede da Deputación defendese a idea de concentrar na cidade de Ourense toda administración da xustiza provincial.

- Notas:

- (1) Xosé Moñino e Redondo, conde de Floridablanca, foi Secretario de Estado (primeiro ministro) de Carlos III entre os anos 1777-1792.
- (2) A Constitución de Cádiz inicia a organización da xustiza en tres instancias: xulgados, audiencias e Tribunal Supremo. Os xulgados estaban nos partidos ou distritos e dependían dun xuíz. Tamén artellaba as provincias e na administración local implanta o arranque dos concellos (ayuntamientos) en lugares ou comarcas cunha poboación maior de mil almas. Estaban rexidos polo alcalde, con concelleiros e un síndico, aprovisionados mediante elección en segundo grado polos veciños con dereito a voto.
- (3) O órgano de goberno da provincia era a Deputación. Entre as súas competencias atopábanse as de aprobar o reparto das contribucións, a creación

e mantemento de camiños e vías, e o fomento da agricultura, a industria e o comercio).

- (4) Imposto da Igrexa do 10% sobre toda a produción agraria ou gandeira. O decreto do 29 de xuño de 1821 reduzo a súa contía a metade.
- (5) A Ponte Nova fora desfeita en xaneiro de 1809, durante a retirada cara o interior de Galicia do exército do marqués da Romana, para obstaculizar a persecución dos dragóns do xeral Marchand, vangarda das tropas do mariscal Soult. "...a la legua del puente de Domingo Flórez, se halla un puente llamado Puente Nuevo, a donde nos alcanzaron los enemigos rompiendo nosotros fuego en retirada hacia el Barco de Baldehorrás, hasta el puente de Pequin, en donde resistimos desde las nueve del día hasta el oscurecer causándonos mucha pérdida, y a otra hora emprendimos la marcha al Burgo, Maceda y Orense en donde se quedaron los heridos y enfermos que llevábamos, en el Convento de San Francisco", Recuerdos de los hechos militares durante la guerra de Independencia, do Capitán de Infantería, D. Hilario Giral.
- (6) Xosé Moscoso, conde de Fontao, natural de Mondoñedo foi ademais ministro de Fomento (1834-1835) e presidente do Congreso en 1821.
- (7) Javier de Burgos, desempeñou varios cargos durante o reinado de Xosé I, e por afrancesado e liberal coñeceu o exilio. En 1833 entra no ministerio de Cea Bermúdez, como ministro de Fomento.

- Bibliografía e fontes:

- bvpb.mcu.es/ca/consulta/registro.cmd?id=416611
- Gómez de Arteche y Moro de Elexaveitia, José, *Guerra de la Independencia. Historia militar de España de 1808 a 1814*. Imprenta del Asilo de Huérfanos del S. C. de Jesús. Madrid, 1868.
- *Don Domingo Fontán Rodríguez y su mapa de Galicia: en el primer centenario de su publicación*. Cuadernos de Estudios Gallegos, Anejo I. Santiago de Compostela, 1946.
- Calero Amor, Antonio M., *La división provincial de 1833. Bases y anteproyectos*. IEAL. Madrid, 1987.



Outra vez Trevinca

Lolo Gómez Segura



Nos últimos anos o Macizo de Trevinca sigue a ser un gran esquecido nos temas ambientais de Galicia. Unha serie de feitos a modo de agresión a nosa paisaxe fixo que outros temas sigan a acaparar o interese informativo e mediático da desfeita que se está a facer en Galicia. O asunto do *Prestixe*, por medio unha resolución xudicial do 2013 que exime de responsabilidades políticas a aquelas persoas que as tiñan que ter; os incendios forestais - Monte Pindo, Fragas do Eume, etc -; e ata os desastres provocados pola cadea de cicloxénese; agochan outras xustas reivindicacións ambientais, quedando Trevinca nun esquecido cantón.

É certo que aquí non contamos con persoeiros de sona que falen disto na prensa ou nunha TV., e de habelos, que os hai, preocupáalles máis enxalzar a gastronomía (pregón botelo) ou as diferentes festas (pregón do Cristo). Só abren a boca, pero máis ben para darlle entrada a xenerosas viandas que para difundir certos valores de defensa medioambientais. Envexa teño de organizacións como *SOS Courel* que contan ca defensa deste espazo natural ca figura do profesor Guitián, ou da plataforma "*Non a mina de Corcoesto*" que teñen da man ao escritor Manolo Rivas, o seu gran impulsor.

Para defender Trevinca non temos a ninguén coñecido. No ano 2004 o club de montaña do mesmo nome comeza a reivindicar a figura de Parque Natural para a zona, e como xoia botánica o bosque do Teixadal. A consigna era clara: "*Trevinca, Teixadal... parque natural*". Celebrábase o 60 aniversario da fundación do club e tiña unha directiva sensible a estes temas. Fanse diferentes xestións por parte de socios do *Club Pena Trevinca* e de algúns empresarios da hostalaría do concello de A Veiga para acadar maior nivel de protección para a zona. Mais o tempo pasa e o macizo, que alberga os cumes máis altos de Galicia, queda ao amparo das únicas figuras de protección de *LIC* (lugar de interese comunitario) e zona *ZEPA* (zona especial de protección de aves), e por dicilo dalgún xeito: baixo o imperativo legal das autoridades da Unión Europa.

E baixo a ollada atenta de Bruxelas, a Xunta de Galicia vese na obriga de elaborar o plan de ordenación natural dos recursos de Trevinca (*PORN*). Plan que sae a concurso público por 87.000 € e que tería que comezar a elaborarse no 2007 e contar con todas as partes implicadas: veciños dos lugares afectados, concellos, grupos sociais: empresarios, sindicatos e grupos ecoloxistas.

Nunca chegou a redactarse e a realidade actual é cruelmente diferente. Os fondos do *FEDER* (diñeiro de Europa) que ian ser destinado a ampliar a Rede Natura do *LIC* e do *ZEPA* das montañas de Trevinca non aparecen ou son destinados noutros fins. Curiosamente con fondos europeos, 70%, máis un 20% da Xunta de Galicia e un 10% da Asociación Galega de Pizarristas (*AGP*) elaborase un plan para a restauración de escombres de louxa, cunha primeira actuación na zona de Candís, na Medua, en Coedo e no entorno da ermida de San Cosme nos montes de Portela do Trigo. Mais todo queda a medio facer, e incluso algunha zona rehabilitada volve a utilizarse de vertedeiro dos restos de louxa. Terá isto algo que ver ca declaración da Xunta de Galicia no 2011 dos restos da louxa como inertes?, é dicir como residuos perfectamente integrados co medio ambiente? Auténtica maxia de trileiros xa que o que antes eran escombros agora son pedras perfectamente integradas na natureza.

Ao tempo amais retrocedemos na conservación das leitos fluviais que nacen en Trevinca, en especial aqueles que transcorren polo concello de Carballeda. A corporación municipal e a Asociación Galega de Pizarristas (*AGP*), non dubidan en proporlle á Confederación Hidrográfica do Miño/Sil a necesidade de desviar algúns canles dos ríos onde estanse a verter pos residuos da louxa. ¡Como si facer desaparecer na actualidade 6 kms de conchas fluviais do río San Xil, do río Valborraz e do río Casoio non fose suficiente! E o máis curioso é que a propia Confederación parece receptiva a esta proposta (*La Región*, 8-05-2012).

Nos últimos dez anos pouco se ten avanzado na protección desta paraxe. O que si é certo que tampouco escapamos na comarca da combinación tan de moda neste país: mistura de subvencións con corruptelas. Sirvan de exemplo os 350.000 € destinados a montar unha inexistente ruta de sendeirismo polo macizo; os 700.000 € para a construción de polideportivo no concello de A Veiga onde apenas quedan unha vintena de rapaces; os 87.000 € para a elaboración dun *PORN* que non chegou ve-la luz; os 4.500.000 € para a restauración de escombres que o seguen a ser...

¡PASEN SEÑORES E FAGAN XOGO!

UN DOS NOSOS

Tiberio Ávila Rodríguez



No ano de 1834 nacia en Viana do Bolo o avogado, farmacéutico, pintor e político Tiberio Ávila Rodríguez. A súa vida a cabalo entre dous séculos é unha larga e fecunda traxectoria arredor do progresismo de raiceiras republicanas.

Fillo da fidalguía vilega a idade de dez anos deixa a súa Viana natal para comenazar na cidade de Ourense os estudos. Unha vez finalizado o bacharelato marcha a Madrid para iniciar a carreira de farmacia que exercerá no Hospital da Princesa ata a Revolución de 1868.

Mais a Deputación provincial faino bolseiro o que propicia a súa volta a Madrid para iniciar os estudos de pintura na Academia de Belas Artes de san Fernando. Estudos que compaxina ca carreira de dereito na Universidade central (a actual Complutense). A cambio a Deputación encárgalle un retrato do rei Amadeu I, con quen acaba mantendo unha amizade cordial, así como co seu mentor o xeral Xoán Prim.

Tras a renuncia de Amadeu I, Tiberio Ávila volve a Viana xa casado e traballa de xuíz municipal do concello.

Preséntase ás Cortes constituíntes polo distrito de Valdeorras, que englobaba o partido xudicial de Viana, e sae deputado. Durante o ano de 1873 participa na comisión encargada de redactar a primeira constitución republicana de España. O golpe do xeral Pavía inicia o proceso de restauración dos borbóns no trono.

Tras vivir os conflitos políticos do sexenio revolucionario o entronque de Tiberio Ávila co republicanismo convértese nunha raiceira fecunda. Gaña a oposición á cátedra de Anatomía Artística da escola de belas artes de Barcelona, e pasa ser unha figura recoñecida nos ambientes artísticos-culturais da cidade. Acada moito prestixio profesional que o levará a publicar gravados nas revistas "La Ilustración de Galicia y Asturias", "La Ilustración Cántabra", e a desempeñar a dirección artística do semanario "La Coalición Republicana" do que saen 27 números. A súa fama chega ata o concello de Viana que no ano 1892 lle encarga unha serie de retratos de persoeiros ligados a

vila para colgar no salón de plenos.

Publica dous libros sobre as técnicas do debuxo anatómico que son referencia para os alumnos das primeiras décadas do século XX. Como profesor destacou sempre pola súa bonhomía. Pablo Picasso, ao revés que Dalí, sempre falou do seu maxisterio con respecto e consideración.

Durante a Restauración forma parte da dirección nacional do partido Republicano-Progresista, xunto a Manuel Ruiz Zorrilla e Nicolás Salmerón, e volve a ser elixido deputado en 1893, polo distrito de Barcelona. Da súa segunda época parlamentaria quedan as iniciativas de varias "propostas de lei": vacinación obrigatoria, liberalización do cultivo do tabaco na península. Distinguíndose coa proposición da supresión das corridas de touros. Vella aspiración abolicionista que xa iniciara nas Cortes da Iª República. Nas seguintes eleccións presentase pola circunscrición de La Bisbal, Girona, sendo derrotado.

Co novo século formará parte das candidaturas de integración republicana que gobernarán o concello de Barcelona, onde acabará desempeñando os cargos de concelleiro e de tenente-alcalde. Desta época é a súa pública disputa sobre coalicións co líder do Partido Radical, Alejandro Lerroux, que levou a este a retalo a duelo.

Mais a súa actividade non só se circunscribe á política. Preside a Cruz Vermella. Forma parte da directiva do Ateneo Barcelonés. Promove a creación do Centro Galego do que será vicepresidente. Monta a comisión cidadán de recollida de fondos para repatriar aos soldados españois prisioneiros en Filipinas e dos que o Goberno se desentendera. Segue a porfiar contra das corridas de touros levantando un movemento popular entroncado nos ambientes librepensadores e libertarios. Foi tal a súa influencia que os tourófilos insultaban aos opositores co alcume de "tiberios".

Tiberio Ávila, derradeiro deputado da 1ª República, morreu en xullo de 1932, tras ver a proclamación da IIª República pola que tanto había traballado e aspirado.

Na Cataluña actual durante a tramitación da lei autonómica que suprimiu os touros Tiberio Ávila foi profusamente citado, e o concello de Barcelona inaugurou un parque co seu nome como homenaxe a súa memoria. **F.G**

